



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

1

PLENO

ACTA NÚM. 07/2017

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2017/6	O PLENO

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria (correspondente ao mes de XUÑO/ano 2017)
Data e hora da convocatoria e duración da sesión	1ª convocatoria: 5 de xuño de 2017 ás 21:00 2ª convocatoria: 5 de xuño de 2017 ás 21:30 Inicio da sesión: 5 de xuño de 2017 ás 21:00 Remate da sesión: 5 de xuño de 2017 ás 22:45
Lugar	SALÓN PLENOS CASA CONSISTORIAL.CONCELLO BUEU Non admite participación a distancia.
Presidida por	Félix Juncal Novas (alcalde)
Secretaria accidental	Susana Miragaya González
Interventora accidental	Araceli C. Pérez Morán

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52496661N	Ana Isabel Otero Pastoriza	SÍ
10826354R	Fidel Castro Quiroga	SÍ
35313656P	Inmaculada Rodríguez Dias	SÍ
35252027L	José Inocente García Cuervo	SÍ
52492233T	José Manuel Vilas Pastoriza	SÍ
33250222L	Juan Carlos Eirea Eireas	NON
52491222R	Julio Villanueva González	SÍ

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

2

35273283T	Manuel Otero Pérez	NON
52495763B	Manuel Santos Pires	SÍ
52496098R	Martín Villanueva Pastoriza	SÍ
53110366P	Mercedes del Pilar Otero González	SÍ
52496537A	Mª José Pérez Piñeiro	SÍ
52493742Z	Mª Teresa López González	SÍ
53115453N	Silvia Carballo González	SÍ
53111731Q	Xosé Leal Fariña	SI
53114764 J	Ramón Cerviño Valero	SI

Sendo as as 21:00 horas do día 05 de xuño de 2017, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria correspondente ao mes de xuño 2017, coa orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 502/17 de data 30 de maio.

Antes do inicio da sesión, pola presidencia faise fincapé en que se trata dunha sesión sumamente atípica dado o número de estreos, por canto máis de estrear megafonía, tamén estreamos Secretaria Accidental, ante a marcha de Nuria Lobato ao Concello de Redondela en Comisión de Servizos, estando a espera da toma de posesión do novo Secretario quizais a finais de mes; así como tamén nova Interventora Accidental.

Por último contamos coa incorporación como novo Concelleiro do Sr. Cerviño Valero, en substitución da vacante deixada por Dª Berta Pérez Hernández.

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ACTA NÚM. 06/2017 CORRESPONDENTE COA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE MAIO DE 2017 CELEBRADA O 02.05.2017)

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 10, En contra: 02, Abstencións: 02, Ausentes: 02	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza Mª Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña José Manuel Vilas Pastoriza Julio Villanueva González

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

3

	En contra	Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
	Abstencións	M ^a José Pérez Piñeiro Fidel Castro Quiroga
	Ausentes	Manuel Otero Pérez Juan Carlos Eirea Eireas

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 06/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de maio de 2017, celebrada polo Pleno da corporación municipal o martes 02.05.2017, e acto seguido polo presidente declárase aberto o debate:

DEBATE

O sr. Santos Pires: Solicitara no plenario anterior que se fixera constar na acta algunhas expresións que se manifestaran aquí no plenario porque eran graves acusacións contra terceiras persoas que non estaban no plenario, incluso contra o sindicato CCOO e penso que non aparecen na acta, e quero saber por qué non están na acta esas graves acusacións.

Sr. Alcalde: dificilmente o alcalde vai a poder respostar, como se ten manifestado en infinidade ocasións, a redacción da acta lle corresponde á Secretaria Xeral do concello que é a que na redacción inclúe o que considera. Salvo que haxa algunha corrección, algún erro, algo que se redactou erróneamente que proceda a súa corrección, en canto á amplitude da acta, a súa extensión non é algo que nos corresponda a nós, quen dá fe do que aquí se dí é a Secretaria Xeral. Non nos corresponde a nós tomar decisións que alcancen ao contido da propia acta. En todo caso o acceso á gravación íntegra do que aquí se manifestou, que é un documento público pode solicitar copia e ten dereito a esa copia e pode utilizala como conveña.

Sr. Santos Pires: A partir de agora quen leva a dinámica das actas é o Secretario, nós non podemos dicir o que é importante para nós. ¿ Non?

Sr. Alcalde: Non.

Sr. Santos Pires: eu quero que se reflexen expresamente unhas palabras na acta e eu solicito como concelleiro expresamente que se reflexen.

Sr. Alcalde: me volvo a reafirmar, non é que a partir de agora, é que sempre foi así. Este debate se tivo en moitas ocasións e a Secretaría sempre redactou as actas como considerou, non como o alcalde crea conveniente. Ten acceso a un documento íntegro que é esa gravación. É un documento público. ¿ Algunha intervención máis en relación con esa acta?

Sr. Santos Pires: Na miña intervención nese momento onde o Sr. Santos Pires resposta ao Sr. Leal que as acusacións son moi graves e que considera que a actuación do anterior goberno da Deputación...

Sr. Alcalde: Perdón ¿me pode indicar a páxina?

Sr. Santos Pires: A páxina 15. Terceiro párrafo. E creo que a Sra. Silva se ausenta sendo ás 20.38 h creo que deberías de correxilo.

Sr. Alcalde: Silvia. Non eu corrixir non.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

4

Sr. Santos Pires: dous párrafos despois, eu dixen que non estando diante as persoas que se estaban acusando gravemente, o que dixen tamén é que eran unhas palabras moi graves para non estar ditas dunhas persoas que non estaban diante. Aínda que ao non estar a Secretaria dame un pouco igual pero quería dicilo.

Sra. Mercedes del Pilar: Sí, que conste en acta.

Sr. Alcalde: O dito en aquela sesión está. O Sr. Santos Pires quixo facer referencia, mención en todo caso ás expresións. Se non hai ninguha cuestión mais que comentar en relación a algún tipo de corrección na acta...

Sr. Xulio Villanueva: Eu teño dúas cuestións de orden. Unha é que a Sra. Silva auséntase dúas veces e supoño que nunha das veces será que volve, e que é Silvia ausentase as 20.38 e volvese a ausentar sen entrar as 20.41 h e chamoume a atención.

Antes de empezar o pleno quería facer un rogo e é se se podería cambiar o punto catro pasalo ao punto tres, cambiar o orden.

Sr. Alcalde: De todas formas o que procede e que votemos a acta e en todo caso, vamos coa acta con esa corrección da Sra. Silvia con esas correccións.

Sr. Xulio Villanueva: Antes de empezar o pleno gustaríame facer o rogo ao pleno e despois se queredes explícoo, que o punto catro fose aprobado con anterioridade ao punto tres, e despois da aprobación da acta se queredes explícoo.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 06/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de maio, celebrada polo Pleno da corporación municipal o martes 02.05.2017 coas correccións apuntadas ao longo do debate e é que onde di a Sra. Silva debe dicir a Sra. Silvia e na páxina onde se sinala que se ausenta a Sra. Silva sendo ás 20.41 h debe dicir cando se reincorpora a Sra. Silvia sendo ás 20.41 h.

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta dos seus membros asistentes con dereito a voto (10 votos a favor, dos que 08 corresponden aos concelleiros do GPM do BNG, 01 ao concelleiro do GPM do PSOE e 01 ao concelleiro do GPM de SON), 02 votos en contra correspondentes aos concelleiros do GPM do PP e 02 abstencións correspondentes aos concelleiros Fidel Castro Quiroga e M^ª José Pérez Piñeiro por non atoparse na sesión do mes de maio, ACORDA PRESTARLLE APROBACIÓN, ao borrador da acta da sesión ordinaria, correspondente ao mes de maio, núm. 06/17, celebrada o martes 02.05.2017 coas correccións indicadas.

2. TOMA DE POSESIÓN DE D. RAMÓN CERVIÑO VALERO, COMO CONCELEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Logo da renuncia de D^ª Berta Hernández Pérez como concelleira da Corporación Municipal, da cal tomou coñecemento o Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 3 de abril de 2017, pola Xunta Electoral Central foi remitida a Credencial de Concelleiro correspondente a D. Ramón Cerviño Valero (RE núm. 3753/17 de 29/05/17)

Considerando que o artigo 108.8 da Lei Réxime Electoral Xeneral establece que no momento de tomar posesión para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

5

ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos sinalados nas leis ou regulamentos respectivos.

Considerando, ao respecto, a fórmula de xuramento vén establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas que dispón: *“No acto de toma de posesión de cargos ou funcións públicas na Administración, quen haxa de dar posesión formulará ao designado a seguinte pregunta: jurais ou prometeis pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo... Con lealdade ao Rey, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Esta pregunta será contestada por quen haxa de tomar posesión cunha simple afirmativa. A fórmula anterior poderá ser substituída polo xuramento ou promesa prestado persoalmente por quen vai a tomar posesión, de cumprir fielmente as obrigacións do cargo con lealdade ao Rei, de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”*

Tendo en conta, os requisitos previos previstos na Lei para este acto previstos no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que establece a condición de que todos os membros das Corporacións Locais formulen antes da toma de posesión no cargo declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais.

O Sr. Alcalde formula a pregunta á que debe respostar declarando o xuramento ou a promesa ao cargo: *“¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”*

Sr. Ramón Cerviño Valero: Xuro.

Cumpridos os trámites anteriores tal e como queda acreditado no expediente que figura na documentación desta sesión plenaria, D. Ramón Cerviño Valero toma posesión do seu cargo como concelleiro da corporación.

O Sr. Alcalde dálle a benvida á corporación municipal.

PROPOSTA DE CAMBIO DA ORDE DO DÍA DA CONVOCATORIA

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 03, Ausentes: 02	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Díaz José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña M ^a José Perez Piñeiro Fidel Castro Quiroga José Manuel Vilas Pastoriza

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

6

		Julio Villanueva González
	En contra	----
	Abstencións	Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires Ramón Cerviño Valero
	Ausentes	Manuel Otero Pérez Juan Carlos Eirea Eireas

Vista a proposta formulada polo concelleiro do grupo político municipal SON, Xulio Villanueva ao inicio da sesión respecto á modificación da orde do día da convocatoria, propoñendo que o punto catro pase a ser o punto terceiro, o Sr. Alcalde declara aberto o debate:

Sr. Alcalde: xa que o concelleiro Xulio Villanueva plantexou unha proposta de modificación da orde do día e antes do pronunciamento se lle pediría que explique as razóns para esa alteración.

Sr. Xulio Villanueva: Son dúas cousas que hai que facer por lei e que son dúas propostas do concelleiro de Urbanismo e unha é a que vai en primeiro lugar que é o estudo de detalle sobre a alineación da ordenación dunha casa catalogada como ben a conservar en Bueu.

A licenza do detalle aprobouse inicialmente no ano 2008, cando xa o PXOM estaba en marcha e o alcalde e o concelleiro de urbanismo seguro que tiñades en mente seguir conservando os edificios emblemáticos que hai en Bueu.

Despois de ver o proxecto a min paréceme unha aberración o que se quere facer ahí, seguramente por lei poidase facer; entón por unha cuestión a cuarta proposta é aprobar de forma definitiva o PXOM e esperemos que sexa a última vez que ven o PXOM a este concello, eu na comisión informativa votei a favor e neste pleno votarí a favor pero paréceme que polo sentir que había na comisión informativa de urbanismo celebrada, doume o sentir de que gran parte da corporación o estudo de detalle houbo que dalo por lei e haberá que dalo por lei, polo PXOM non facelo en forma e lugar e todos sabemos que hai unha petición de licenza de derribo desa casa entón a min gustaríame que primeiro se aprobase o PXOM definitivo e que despois por lei ter que dar a aprobación ao estudo de detalle.

Paréceme que sería un poquiño máis formal e primeiro aprobamos o PXOM, primeiro facemos todo o que temos que facer para o PXOM e despois se hai que dalo por lei e que eu agora voume a abster porque votar en contra é unha tontería. A pena que non esté a secretaria oficial se o mellor na miña mente eses cinco minutos ou tres minutos podería ser un alegato para que ahí non se poidera facer esa aberración que quere intentarse facer. É unha cuestión de orden. Era por comentalo.

Sr. Martín Villanueva: Eu non teño ningún interese en que vaia un antes que o outro.

Sr. Alcalde: Non temos ningún inconveniente para que non haxa ningún atisbo de dúbida e tampouco temos ningún inconveniente en que se faga ese cambio e polo tanto figure ese cambio da orde do día que teremos que votar previamente e polo tanto recollo a súa proposta e propoño esa modificación da orde do día.

Sr. Martín Villanueva. En todo o caso o que se vai a facer hoxe co PXOM é acordar a remisión do documento.

Sr. Xulio Villanueva: se é unha cousa formal temos que levalo por orden de lei.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

7

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da alteración da orde do día da convocatoria, pasando o punto cuarto relativo á Proposta do concelleiro delegado de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á aprobación do documento completo do PXOUM do concello de Bueu enmendado polas deficiencias observadas pola Dirección xeral de ordenación de territorio e urbanismo da Consellería de Medio ambiente e ordenación de territorial da Xunta de Galicia contidas na ORDEN de 13.3.2017(EXPDTE. 48/2016) a tratarse como punto terceiro da orde do día.

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos a favor (12 votos a favor, dos que 10 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG, 01 do concelleiro do GPM SON e 01 ao concelleiro do GPM do PSOE; 03 abstencións que corresponden aos concelleiros do GPM PP, acorda:

1º Modificar a orde do día fixada na convocatoria, pasando o punto cuarto relativo á “PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO, PATRIMONIO E VIVENDA, RELATIVA Á APROBACIÓN DO DOCUMENTO COMPLETO DO PXOUM DO CONCELLO DE BUEU, EMENDADO POLAS DEFICIENCIAS OBSERVADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA CONTIDAS NA ORDE DE 13.3.2017 (EXPTE. 48/2016) a constituir o punto terceiro da orde do día.

3. PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO, PATRIMONIO E VIVENDA, RELATIVA Á APROBACIÓN DO DOCUMENTO COMPLETO DO PXOUM DO CONCELLO DE BUEU, EMENDADO POLAS DEFICIENCIAS OBSERVADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA CONTIDAS NA ORDE DE 13.3.2017 (EXPTE. 48/2016)

Favorable (maioría absoluta dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 11, En contra: 01, Abstencións: 03, Ausentes: 02	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Díaz José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza Mª Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña Mª José Pérez Piñeiro Fidel Castro Quiroga Julio Villanueva González
	En contra	José Manuel Vilas Pastoriza
	Abstencións	Ramón Cerviño Valero Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
	Ausentes	Manuel Otero Pérez

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

8

Juan Carlos Eirea Eireas

Pola Presidencia dáse lectura do resultado do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda celebrada o 26.05.2017 relativo á proposta do concelleiro de urbanismo de data 23.05.2017 de APROBACIÓN DO DOCUMENTO COMPLETO DO PXOUM DO CONCELLO DE BUEU, EMENDADO POLAS DEFICIENCIAS OBSERVADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA CONTIDAS NA ORDE DE 13.3.2017 (EXPTE. 48/2016):

“Votos a Favor: 06 dos que 05 correspondentes cos membros presentes do GPM do BNG e 01 ao concelleiro do GPM SON

Votos en contra:Ningún.

Abstencións: 02 dos que 01 corresponden ao membro do GPM do PsdeG-PSOE e 01 do GPM do PP (01)

Ausentes na votación: 02

A vista do resultado, a Comisión Informativa Permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda, por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto ACORDA PRESTARLLE APROBACIÓN á proposta do concelleiro delegado de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á aprobación do “Documento de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu”, presentado con data 25.04.2017 e nº de rexistro de entrada 2980, (Código de Validación: 5KDAXM4ZTGHYCJXDZTWG6259P), que constitúe o documento completo do PXOM do Concello de Bueu, enmendado polas deficiencias observadas pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e ordenación territorial da Xunta de Galicia contidas na Orden de 13.03.2017. “

Logo do anterior, polo concelleiro de urbanismo, Patrimonio e Vivenda dáse lectura a súa proposta de data 23.05.2017 (CV9CCGTWPPNC3ZKCM7P777YDEEH) relativa á aprobación do documento completo do PXOUM do Concello de Bueu enmendado polas deficiencias observadas pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e ordenación territorial da Xunta de Galicia contidas na Orden de 13.03.2017 e que literalmente di:

Antecedentes:

1.- Por acordo do Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada o 31.07.2013 aprobouse inicialmente o PXOM, someténdose a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios no taboeiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, (DOG) do 03.09.2013 (nº 167), no periódico Diario de Pontevedra de data 03.09.2013 e no periódico Faro de Vigo de data 03.09.2013. Mediante acordo plenario adoptado en sesión do 04.11.2013 amplíase o prazo de información pública durante un mes máis, publicándose os correspondentes anuncios no DOG do 27.11.2013, (nº 227), no periódico Diario de Pontevedra do 05.11.2013 e no Faro de Vigo do 07.11.2013.

2.- Simultaneamente e durante o mesmo prazo de información pública, deuse audiencia aos municipios limítrofes, Marín, Moaña e Cangas aos efectos da presentación das alegacións que considerasen oportunas, someténdose ademais ás consultas previstas no Documento de Referencia para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

3.- No período de información pública presentáronse 812 alegacións, tal e como consta no certificado de secretaría de data 26.12.2013 e na dilixencia e índice de documentos da xefatura



de negociado de urbanismo de data 23.02.2016.

No documento do PXOM aportado por Oficina de Planeamento SA con data 16.06.2015, (nº rexistro 4687) infórmanse 811 alegacións presentadas na fase de información pública e 6 presentadas fóra da mesma, contendo respostas individualizadas a cada unha de elas con referencia ao número de rexistro e nome do alegante.

Con data 27.01.2016, (nº rexistro 524) preséntase polo equipo redactor Informe Resposta á alegación presentada con data 23.10.2013, (nº rexistro 5954), e polo tanto dentro da fase de información e da que por erro na tramitación non se deu traslado xunto coas outras alegacións presentadas ao equipo redactor.

Asi mesmo, o 03.03. 2016, (nº rexistro 1478) apórtase Informe en relación á incongruencia detectada na resposta á alegación con rexistro de entrada nº 7432 presentada con data 03.12.2013.

4.- Constan no expediente as correspondentes solicitudes de informes das diferentes administracións sectoriais de datas 27.08.2013, 20.09.2013, 09.11.2015, 13.11.2015 e 16.11.2015.

5.- Con data 18.08.2015 e 23.12.2015 remítese o Documento para Aprobación Provisional do PXOM, presentado polo equipo redactor con data 16.06.2015, (nº rexistro 4687), ao órgano ambiental competente, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, aos efectos da elaboración da memoria ambiental. O documento incorpora as modificacións que debeñen do trámite de información pública e de consultas así como da cumprimentación dos informes sectoriais emitidos tras da aprobación inicial.

6.- Pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental díctase resolución de 30.12.2015 pola que se formula a Memoria Ambiental do PXOM, (nº rexistro 76 do 07.01.2016), considerando a viabilidade ambiental do plan sempre e cando se incorporen as determinacións establecidas na mesma.

7.- Mediante escrito de data 27.01.2016 e nº rexistro 523 Oficina de Planeamento SA presenta os documentos do PXOM para a súa aprobación provisional, sinalando que incorpora as modificacións que debeñen do trámite de información pública, e de consultas así como da cumprimentación dos informes sectoriais emitidos despois da aprobación inicial. Ademais incorpora as modificacións que resultan da integración dos aspectos contemplados na Memoria Ambiental formulada por resolución de data 30.12.2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

8.- Con data 03.03.2016, (nº rexistro 1478), preséntase polo equipo redactor do PXOM o "Anexo Modificacións das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal" que recolle as modificacións a incorporar ao Documento de Aprobación Provisional en resposta ao informe dos servizos técnicos municipais de data 08.02.2016, xunto co informe citado sobre a incongruencia detectada na resposta á alegación presentada con data 03.12.2013 e nº de rexistro de entrada 7432.

9.- Figuran no expediente informes emitidos pola secretaria municipal con datas 26.02.2016 e 08.03.2016.

10.- Polo arquitecto municipal con data 04.03.2016 emítese informe no que á vista do resultado das alegacións presentadas, dos informes das administracións sectoriais, así como das determinacións contidas na Memoria Ambiental e das suxerencias realizadas polos servizos técnicos municipais, conclúese que as modificacións efectuadas non supoñen un cambio substancial en relación ao documento aprobado inicialmente, non alterando o modelo territorial proposto e que non supoñen cambios de criterio na planificación proposta no documento de aprobación inicial. Sínálase expresamente que o Documento de Aprobación Provisional dende o punto de vista técnico non é contrario á normativa vixente e polo tanto infórmase favorablemente.

11.- Consta no expediente informe de data 08.03.2016 emitido polo interventor municipal en relación á viabilidade económica-financieira das previsións contidas no documento do PXOM.

12.- O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 16.03.2016, adoptou acordo polo que se resollen as alegacións presentadas na fase de información pública e se



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

10

aproba provisionalmente o “Documento de Aprobación Provisional” presentado por Oficina de Planeamento SA con data 27.01.2016 e nº de rexistro 523.

13.- Con data 23.05.2016 e nº de rexistro de saída 1706 remítese o expediente completo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, aos efectos da sinalado no artigo 61 da Lei 2/2016, do Lei do Solo de Galicia “Competencia para a aprobación definitiva”.

14.- Pola Secretaría Xeral citada con data 17.06.2016, comprobada a integridade documental do expediente, requírese do Concello a subsanación de deficiencias, tendo entrada no Concello con data 21.06.2016 e nº de rexistro 4730.

15.- Con nº de rexistro de entrada 4861 do 22.06.2016 incorpórase ao expediente o informe favorable en materia de costas (art. 117.2 da Lei 22/1988, de Costas), emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

16.- Con data 22.07.2016 e nº de rexistro de entrada 5485 preséntase por Oficina de Planeamento SA “Informe en relación ao requerimento da data 17.06.2016 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMAOT sobre a integridade documental”.

17.- Pola Autoridade Portuaria de Marín, Ministerio de Fomento, remítese informe do 27.07.2016, con nº de rexistro de entrada do Concello 5736 do 01.08.2016, no que sinala a procedencia de incorporar ao PXOM a calificación como Sistema xeral portuario, do Faro de Ons e do Muelle de Ons.

18.- Por Oficina de Planeamento SA preséntase con data 05.08.2016 e nº de rexistro 5854 “Informe de cumprimentación ao emitido pola Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra”.

19.- Con data 12.09.2016 e nº de rexistro 6526 recíbese da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, informe favorable emitido con data 31.08.2016, sinalando expresamente que deben terse en conta as Consideracións 1,3 e 8 sinaladas no mesmo.

20.- Pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura emítese con data 31.08.2016 informe favorable, tendo entrada no Concello con data 12.09.2016 e nº 6527, no que se insta a incorporación de contornos de protección de determinados bens catalogados e a inclusión no ámbito da Ordenanza U1 de diferentes edificacións.

21.- Con data 26.09.2016 e nº rexistro 6824 recíbese da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda escrito de alegacións ao documento do PXOM, relativas ao Porto de Beluso e IES Illa de Ons.

22.- Por Oficina de Planeamento SA apórtase con data 14.10.2016 e nº de rexistro 7279 a seguinte documentación “ Informe de cumplimentación ao Informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente”, “Informe de cumprimentación ao 2º Informe emitido en data 16.09.2016 pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, da Consellería de Facenda en relación ao PXOM” e “Informe de resposta e cumprimentación ao Informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”.

23.- A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra emite con data 14.10.2016 informe favorable ao documento do PXOM, tendo entrada no Concello o 19.10.2016 con nº de rexistro 7391.

24.- Pola Alcaldía con data 08.02.2017 e nº de rexistro de saída 399 remítese documentación xustificativa do requerimento efectuado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo con data 17.06.2016.

25.- Con data 16.03.2017 e nº de rexistro de entrada 1822 notifícase pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a Orde ditada con data 13.03.2017 pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

26.- Por Oficina de Planeamento SA preséntase con data 25.04.2017 e nº de rexistro 2980 “Documento de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu”, que incorpora as modificacións derivadas da cumprimentación da citada Orde



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

11

e dos informes sectoriais emitidos con posterioridade ao acordo plenario de 16.03.2016 de aprobación provisional do PXOM, así como as correccións derivadas da cumprimentación do requerimento de subsanación de deficiencias, realizado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en 17.06.2016, adxuntando así mesmo "Informe de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da CMAOT sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu".

27.- Incorpóranse ao expediente os informes do arquitecto municipal de datas 05.05.2017 e 23.05.2017 e da secretaria municipal de data 18.05.2017 e conformidade da mesma data do interventor municipal.

Consideracións legais

1.- En relación á normativa de aplicación, figura recollida no apartado III do Informe emitido pola secretaria municipal de data 26.02.2016.

2.- En relación ao procedemento a seguir a aprobación provisional dos Plans Xerais regúlase no artigo 85 da LOUGA tal e como se sinala no apartado IV do citado informe de secretaria de data 26.02.2016.

De acordo cos antecedentes sinalados anteriormente e as consideracións legais citadas, conforme ao disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 02 de abril, de Bases do réxime local, **proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o "Documento de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu", presentado con data 25.04.2017 e nº de rexistro de entrada 2980, (Código de Validación: 5KDAXM4ZTGHYCJXDZTWG6259P), que constitúe o documento completo do PXOM do Concello de Bueu, enmendado polas deficiencias observadas pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e ordenación territorial da Xunta de Galicia contidas na Orden de 13.03.2017, integrado polos seguintes documentos:

ORDENACIÓN:

- Memoria xustificativa dos fins, obxetivos e determinacións do Plan. Estratexia de actuación. Estudo económico financeiro. Memoria de sustentabilidade económica.
- Normativa Urbanística.
- Catálogo.
- Informe de sustentabilidade ambiental.
- Memoria Ambiental.

TEXTOS E PLANOS DE INFORMACIÓN:

- Texto de Información: Síntese da Información Urbanística. Estudo do Medio Rural. Análise do Modelo de Asentamento Poboacional. Ficheiro de Núcleos Rurais.
- Planos de Información.

PLANOS DE ORDENACIÓN.

Segundo: Dar traslado do documento completo do PXOM: "Documento de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu", debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva, de acordo co sinalado no artigo 85.7 da LOUGA.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

12

Rematada a lectura da proposta de referencia polo Sr. Martín Villanueva, a presidencia declara aberto o debate:

DEBATE

Sr. Martín Villanueva: Isto foi un pouco o resumo desta aprobación inicial ata o día de hoxe. O que se propón aquí é aprobar o documento completo do PXOM do concello de Bueu xa coas últimas esixencias da Consellería, da orde ditada en 13.03.2017 e con todo isto se refunde e se ten que enviar a Consellería para que nos dea a aprobación definitiva.

Sr. Vilas: Como sempre manifestei respecto deste Plan xeral, no pleno e nas comisións eu non creo que sexa este o PXOM que necesita Bueu e creo que ten moitas deficiencias. Sería bó este PXOM se non houbera nada, se non tiveramos ordenación algunha desde fai tempo pero como dende o 86 que temos unhas NNSS e se comparamos as NNSS con este PXOM eu creo que non gañamos nada e eu o que lle pido e a calquera norma ou ordenanza é que beneficie ao veciño. Como penso que este PXOM non mellora as condicións urbanísticas do concello de Bueu, máis ben as empeora en todos os sentidos, eu vou a votar en contra. Con respecto a esta orde da Xunta de Galicia non teño nada en contra dela aínda que moitas cousas que solicita aquí non estou de acordo, non me parecen lóxicas, como douscentos metros do POL, certas zonas urbanizables. ¿ Canto cobrou esta oficina de planeamento por facer o plan mais ou menos?

Sr. Alcalde: O que poñía no contrato que foi sometido a licitación pública. ¿ Canto custou este último traballo? Digo este último porque houbo varios contratos, pois andaría sobre os 100.000 euros .

Sr. Vilas: Cobrar 100.000 euros, eu creo que este PXOM en páxinas completas é un copia e pega das normas do ano 86, é increíble que se lle pague esta cantidade ao equipo redactor por facer unha tradución ao galego porque daquela era en castelán pero creo que é totalmente irrespectuoso pagarlle tanto a esta empresa por facer un copia pega. E agora vou a entrar en este documento e aquí hai dúas cousas que non me cadran moito pero bueno o arquitecto municipal aquí lle da para diante e é cando fala na proxección de PXOM que fala de xustificar as vivendas que se van a facer ou que se pretenden xustificar de aquí ao 2031, a xustificación din que mantén a mesma hipótese de crecemento demográfico que plantexa o PXOM validadas e consideradas razoables pola memoria ambiental e pola propia orden. Eu creo que non están modificando nada nese aspecto.

E despois falan nalgún suelo urbano dalgúns POLS que non poden ir ou que non lle dan para adiante. O POL 15 da Praia de Beluso e o da recta da general. Que che digan que non poden ser e que os quites e que non estudes a posibilidade de poñelos noutro lado. Eu non sei se o goberno considerou a oportunidade ou non, ou preferiu recortar prazos e tempos e dicir que se quiten. A min non me parece lóxico, se hai un POL que a Xunta non lle da viabilidade se pode dar traslado a outro sitio e facer ese POL, esa edificabilidade, ese contorno ubicalo noutro lado. Se se optou por facelo canto antes e quitar para adiante o PXOM tamén me parece a mellor consideración.

Sempre estiven en contra do PXOM porque creo que non se mellora en nada ós veciños e ás veciñas de Bueu.

Sr. Martín Villanueva: Poñerse a falar destas cuestións a estas alturas non procede. Eu creo que hai xente aquí que ten interese en que se aprobe xa o PXOM. Eu entendo que José Manuel Vilas non estea de acordo con este plan e lle digo se poderían tramitar miles de planes, o tema é que se puidera chegar a este punto como chegou este ao longo de todos estes anos. Tamén lle quero recordar que o seu partido votou na aprobación inicial a favor deste PXOM



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

13

porque entendía que este PXOM era positivo para este concello.

Sr. Alcalde: Eu teño o deber de pronunciarme nun asunto tan importante que marcou o traballo dunha década cando menos, e porque sobre todo é un instrumento de futuro que deseña o que é a vila e que ten vocación de resolver problemas que imos detectando diferentes corporacións e que neste momento e tendo en conta o marco legal actual eu atreveríame a dicir que temos o mellor documento posible, seguramente non é o ideal que cada un temos na nosa cabeza. Pero hai que ter en conta o esforzo realizado na concellería co único obxectivo de obter o mellor documento posible. Entendiamos que a aprobación provisional xa pechaba o percorrido en canto as cuestións que houbo que ir cambiando ao longo de todo ítem anterior. E todos somos coñecedores de esa Orde de 13 de marzo que a Dirección Xeral de Urbanismo indica cuestións que hai que corrixir e polo tanto nos consideramos que é o mellor documento dos posibles.

Me preocupa que nun documento tan importante no que traballou moita xente incluso a nivel político, nesta e nas anteriores corporacións municipais facer un repaso tan sucinto e tan pouco argumentado practicamente cunha descalificación completa da proposta a min me parece temerario, incluso practicamente considerando o que custou desde o punto de vista económico este traballo. Todos temos unha opinión do que quixo dicir coas súas palabra. Dicir que é un documento igual que o do ano 86, non é comparable o marco legal. Toda a lexislación a día de hoxe é moitísimo máis restrictiva, eu creo que é unha falta de respecto aos técnicos, ao equipo redactor que participou no traballo durante todos estes anos. Dicir que non ven a aportar nada novedoso é moito dicir. Para empezar vamos a arreglar algúns problemas serios que ten este concello a nivel institucional. En segundo lugar vai permitir regularizar no solo urbano moitas situacións que se foron dando ao longo de moitos anos e que este documento vai permitir resolver. Hai un aumento de edificabilidade en todos os solos, no casco urbano, nos solos de núcleo.

Dicir que este documento non aporta nada e non mellora nada unhas NNSS do 86 que foron mutiladas pola lei 9/2002 que establece que o solo non urbanizable sen protección establecía que se podía construír en parcelas de 2000 ou 3000 metros e vostede sabe que desde o ano 2003 está impedida esa posibilidade, e que este documento vai a permitir que nalgunhas zonas se vai a recuperar esas zonas urbanizables.

Dicir que este plan non contén elementos importantes, que protagonizaron a vida municipal entre eles algún convenio urbanístico de planeamento que permitiu que o concello adquirise uns terreos para a construción do campo de fútbol por exemplo é faltar a veracidade dos acontecementos de todos estes anos. E insisto que seguramente non é o ideal pero é o mellor dos documentos posibles e tendo en conta as circunstancias que nos rodean de carácter legal, a demostración foi a lectura da proposta por parte da concellería con todo ese ítem de informes, autorizacións ao longo de todos os anos. Estamos satisfeitos do traballo realizado, entendemos que Bueu necesita abrir unha porta de cara ao futuro, que empezemos a debatir sobre a materialización do plan xeral que é o que lle importa a cidadanía.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a amanalzada, a aprobación da proposta do concelleiro de urbanismo, Patrimonio e Vivenda de data 23.05.2017 (CV9CCGTWPPNC3ZKCM7P777YDEEH) relativa á aprobación do documento completo do PXOUM do Concello de Bueu enmendado polas deficiencias observadas pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e ordenación territorial da Xunta de Galicia contidas na Orden de 13.03.2017 (Exp. 48/2016).

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos a favor (11 votos a favor, dos que 10 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 01 do concelleiro do



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

14

GPM SON; 03 abstencións que corresponden aos concelleiros do GPM PP e 01 votos en contra que corresponde ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro: Aprobar o “**Documento de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu**”, presentado con data 25.04.2017 e nº de rexistro de entrada 2980, (Código de Validación: 5KDAXM4ZTGHYCJXDZTWG6259P), que constitúe o documento completo do PXOM do Concello de Bueu, enmendado polas deficiencias observadas pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e ordenación territorial da Xunta de Galicia contidas na Orden de 13.03.2017, integrado polos seguintes documentos:

ORDENACIÓN:

- Memoria xustificativa dos fins, obxetivos e determinacións do Plan. Estratexia de actuación. Estudo económico financeiro. Memoria de sustentabilidade económica.
- Normativa Urbanística.
- Catálogo.
- Informe de sustentabilidade ambiental.
- Memoria Ambiental.

TEXTOS E PLANOS DE INFORMACIÓN:

- Texto de Información: Síntese da Información Urbanística. Estudo do Medio Rural. Análise do Modelo de Asentamento Poboacional. Ficheiro de Núcleos Rurais.
- Planos de Información.

PLANOS DE ORDENACIÓN.

Segundo: Dar traslado do documento completo do PXOM: “Documento de cumprimentación da Orde do 13.03.2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu”, debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva, de acordo co sinalado no artigo 85.7 da LOUGA.

4.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO, PATRIMONIO E VIVENDA, RELATIVA Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE SOBRE SINALIZACIÓN DE ALINEACIÓN E ORDENACIÓN DE VOLUMES NA R. PESCADORA NÚMS. 3,5 E 7, NO CASCO URBANO DE BUEU, PRESENTADO POR DIMARCO GALICIA S.L. (EXPTE. 1171/2016)

Favorable (maioría absoluta dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 05, Ausentes: 02	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza M ^ª Teresa López González Silvia Carballo González

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

15

		Xosé Leal Fariña M ^a José Pérez Piñeiro Fidel Castro Quiroga
	En contra	-----
	Abstencións	Ramón Cerviño Valero Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires Julio Villanueva González José Manuel Vilas Pastoriza
	Ausentes	Manuel Otero Pérez Juan Carlos Eirea Eireas

Polo Sr. Alcalde dáse lectura do resultado do ditame da Comisión Informativa Permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda celebrada o 26.05.2017 e que literalmente di:

Se somete a votación a proposta de debate, co seguinte resultado:

✓Votos a Favor: 04 correspondentes cos membros presentes do GPM do BNG

✓Votos en contra:Ningún.

✓Abstencións: 03 dos que 01 corresponden ao membro do GPM do PsdeG-PSOE, 01 do GPM do PP (01) e 01 do concelleiro do GPM do SON

✓Ausentes na votación: 03 (a concelleira Silvia Carballo González do GPM do BNG non se incorpora á sesión ata as 13:20 horas)

A vista do resultado, a Comisión Informativa Permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda, por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto ACORDA PRESTARLLE APROBACIÓN á proposta do concelleiro delegado de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á aprobación definitiva do ESTUDO DE DETALLE SOBRE SINALACIÓN DE ALINEACIÓNS E ORDEACIÓNS DE VOLUMENES NA R. PESCADOIRA NÚM. 3, 5 E 7 NO CASCO URBANO DE BUEU PRESENTADO POR DIMARCO GALICIA SL (EXPEDIENTE 1171/2016).

Logo do anterior, polo Sr. Cocelleiro de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda dáse lectura da súa proposta de data 16.05.2017 (CV:6S4KZG6CPH5EJHCD2E7CKNJLR) RELATIVA Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE SOBRE SINALIZACIÓN DE ALINEACIÓNS E ORDENACIÓN DE VOLUMES NA R. PESCADOIRA NÚMS. 3,5 E 7, NO CASCO URBANO DE BUEU, PRESENTADO POR DIMARCO GALICIA S.L. (EXPTE. 1171/2016) e que literalmente di:

Proposta do Concelleiro de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda do Concello de Bueu,
Expediente nº 2014/816

Promotor: DIMARCO GALICIA S.L

Obxeto: Estudo de Detalle sobre sinalamento de aliñacións e ordenación de volumes.

Lugar: Rúa Percadoira nº 3,5 e 7, Bueu.

N.º Instrumento Planeamento Urbanístico 1/2017.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bueu, en sesión celebrada o 17.03.2008, acordou



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

16

aprobar inicialmente o *Estudo de detalle sobre sinalamento de aliñacións e ordenación de volumes na Rúa Pescadoira números 3,5 e 7* promovido por "DIMARCO GALICIA, S.L", e redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García e visado polo COAG con data 17.12.2007 e anexo visado en data 09.01.2008 e sometelo a información pública por período de 20 días.

O Estudo de detalle foi sometido a información pública mediante anuncio publicado no Faro de Vigo do 09.04.2008 (Edicións Morrazo e Pontevedra) e no DOGA n.º 71 do 14.04.2008.

Neste trámite formuláronse alegacións por Dona Rosario Manselle Martínez e Dona Soraya Otero Agulla.

O Estudo de Detalle foi informado favorablemente pola:

- Dirección Xeral de Sustentabilidade do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño con data 26.10.2010, por entender que un Estudo de Detalle unha figura válida para a delimitación da fachada marítima de acordo coa Disposición Transitoria Terceira 3. 2ª a) da Ley 22/1988, do 28 de xullo de costas.
- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia con data 5.10.2011.
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia con data 21.10.2017.

Tamen foi informado favorablemente polo arquitecto municipal con data 17.06.2016 e pola asesoría xurídica con data 24.11.2016.

Con data 26.01.2017 asínase proposta do concelleiro delegado de urbanismo pola que se propón ao Pleno da Corporación a aprobación definitiva do estudo de detalle. (Cod. Validación: 5KDY7WQHM5GA7A3FAPG7GRE7F)

Aos efectos do cumprimento do sinalado nos artigos 82 e 88.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo promotor preséntase con data 17.02.2017 e nº de rexistro de entrada 1146 o documento do estudo de detalle en formato dixital, informándose polo arquitecto municipal con data 23.02.2017 (Cod. Validación: 64T43A4PGT4NJDF5WDMNGEKJK) indicando que deberá aportarse documento refundido que conteña todas as correccións que se foron incorporando de xeito sucesivo ao expediente.

Con data 02.03.2017 e nº de rexistro de entrada 1409 preséntase documentación polo interesado en formato dixital, (CD), informándose polo arquitecto municipal con data 09.03.2017, (Cod. Validación: A3KAN7SW9WQSA6RT63S6Z6QY2) indicando que se presenta documento refundido visado con data 23.02.2017 e que o seu contido se corresponde co xa presentado e informado favorablemente con anterioridade.

Con data 04.04.2017 e rexistro 2017-E-RE62 preséntase a través de sede electrónica o documento refundido do ED co contido que figura na "relación de documentos" do rexistro de entrada. (Cod. Validación: 5336K5EZ5Y LX924696MEPAZEC)

Polo promotor con data 07.04.2017 e nº rexistro 2459 preséntase documento refundido en papel (Cod. Validación: 5XL4374RAD6TSDP7CE9CG6GRC) e en formato dixital, (CD).

Así mesmo e coa mesma data 07.04.2017 e nº rexistro 2017-E-RE-64, a través de sede electrónica, (Cod. Validación: 59CFGYNMM73KQWJPCJYWJ95QL) preséntase o proxecto refundido en formato dixital coa documentación sinalada na "relación de documentos" do rexistro de entrada.

Polo arquitecto municipal con data 20.04.2017, (Cod. Validación: 6GA55QLL4HEACRO9LHEWMMM3), emítese informe sobre a seguinte documentación:

- Documentación presentada telemáticamente con data 04.04.2017 e rexistro 2017-E-RE62 visada o 23.02.2017:
 - Memoria refundida ED.
 - (r) ED-04a Esquema Edificabilidade.
 - (r) ED-04b Alzado aplicación Ordenanzas.
 - ED-01 Sit. NSP Bueu 1985- Desl. Costas.
 - ED-02 Plano Topográfico- Parcelario.
 - ED-03 Ordenación según NSP Bueu.



- ED-06 Volumetría imaxe final.
- ED-07 Estudio Homog. Tramo fachada mar.
 - Documentación presentada con data 07.04.2017 con rexistro de entrada 2459:
 - Copia en papel visada o 06.04.2017.
 - Copia do documento en CD co mesmo contido que o formato papel.
 - Documentación presentada telemáticamente con data 07.04.2017 e nº de rexistro 2017-E-RE-64 visada o 06.04.2017:
 - Memoria refundida ED.
 - (r) ED-04a Esquema Edificabilidade.
 - (r) ED-04b Alzado aplicación Ordenanzas.
 - (r) ED-05 Seccións proposta Ordenanzas.
 - ED-01 Sit. NSP Bueu 1985- Desl. Costas.
 - ED-02 Plano Topográfico- Parcelario.
 - ED-06 Volumetría imaxe final.
 - ED-07 Estudio Homog. Tramo fachada mar.

- ED-03 Ordenación según NSP Bueu.

No informe se sinala expresamente que o contido é idéntico en todas as presentacións, agás a data de visado e o plano nº 5 que só aparece na documentación aportada con data 07.04.2017, pero non introducen variacións no contido, que se corresponde co xa presentado con anterioridade reunido nun documento que figura completo e que xa recibíu informe favorable, sendo válido para a aprobación definitiva.

Fundamentos de dereito:

I.- Obxecto do expediente.

De acordo cos reiterados informes do arquitecto municipal obrantes no expediente propónse a aprobación dun *"Estudo de Detalle para sinalamento de aliñacións e volumes na Rúa Pescadoira nº 3, 5, 7 dentro do casco urbano de Bueu"*

O sinalamento de aliñacións e volumes e unha facultade que a lexislación urbanística atribúe aos Estudos de Detalle - Art. 79.1. a) e b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Art. 79 LSG << 1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) *Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes.*

b) *Ordenar os volumes edificables>>*

II.- Procedemento:

Na tramitación do expediente seguiu-se a tramitación prevista no Art. 86.2 da LOUGA, de conformidade co previsto na Disposición Transitoria Segunda apartado 2º da LSG.

De acordo cos antecedentes antes sinalados o expediente foi sometido a información pública e foron recabados os informes sectoriais preceptivos (Art. 80.2 LSG)

III.- Competencia.

Correspondelle ao Concello, de conformidade co Art. 80.2 da Lei 2/2016, a competencia para aprobar os Estudos de Detalle.

Dita competencia recae no pleno da corporación municipal en virtude do disposto no Art. 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, en relación co Art. 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Conclusión:



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

18

De acordo cos antecedentes e fundamentos transcritos, **formúlase ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta de acordo:**

ÚNICO: Aprobar definitivamente o "Estudo de Detalle sobre Sinalamento de Aliñacións e Ordenación de Volumes na Rúa Pescadoira nº 3,5 e 7 dentro do Casco Urbano de Bueu" redactado polo arquitecto Colexiado D. José Antonio Comesaña García e presentado por "DIMARCO GALICIA SL", de acordo coas determinacións contidas nos informes emitidos polas administracións sectoriais competentes e polo arquitecto municipal, e conforme ao Documento refundido presentado con data 07.04.2017 e nº rexistro 2459 visado con data 06.04.2017, en formato papel, (Cod. Validación: 5XL4374RAD6TSDP7CE9CG6GRC) e que se corresponde co documento presentado telemáticamente con data 07.04.2017 e nº rexistro 2017-E-RE-64 visado o 06.04.2017, (Cod. Validación: 59CFGYNMM73KQWJPCJYWJ95QL).

PUBLICACIÓN:

O Estudo de Detalle deberá ser obxecto de publicación de conformidade co establecido nos apartados segundo e terceiro do Art.82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA:

Unha vez publicado o Estudo de Detalle no DOGA deberá remitirse a consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no citado rexistro, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, dos instrumentos de planeamento urbanístico cuxa aprobación definitiva correspóndalles (Art. 88.3 da Lei 2/2016)

RECURSOS:

Por imperativo do disposto no Art. 84 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e no Art.112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe interpoñer recurso administrativo contra o Acordo de aprobación do Estudo de Detalle por ter natureza de disposición administrativa de carácter xeral; únicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (Art.10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa).

Rematada a lectura da proposta de referencia polo Sr. Martín Villanueva, a presidencia declara aberto o debate.

DEBATE

Sr. Martín Villanueva: Se trata neste caso tamén de rematar un expediente como se comentaba nos antecedentes este Estudo de detalle foi aprobado provisionalmente no 2008 e despois dun longo recorrido en distintas administracións e dun período de suspensión despois da aprobación inicial do PXOM se retomou o expediente e a día de hoxe está completo e non nos queda máis alternativa que traelo ao pleno e culminar o expediente coa súa aprobación definitiva. Nos treitos de suelo urbano onde a liña de 20 metros de servidume de costas se mete dentro dos solares aínda que o planeamento municipal estableza unha ordenación a DT 3ª da Lei de Costas di que hai que redactar un estudo de detalle para definir, e por isto que antes da licenza é necesario que se tramite este estudo de detalle.

Sr. Xulio Villanueva: Este estudo de detalle non o entendo, grazas o concelleiro por explicalo un pouco. Esperemos que non se faga a aberración que se quere facer. Eu vou absterme entre outras cousas porque non estaba na aprobación inicial. Se Patrimonio dixo que sí, a Xunta dixo que sí, Patrimonio dixo que sí paréceme extraño que en zonas como Poio, Combarro, a Illa de Arousa non deixen poñer nin unha caravana e que aquí en Bueu permítase poñer unhas



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

19

escaleiras con volumen de edificabilidade bastante importante polo que eu sei. Sei que por lei haberá que aprobalo, eu o que si rogo que se lle poñan todas as trabas posibles. Esperemos que o PXOM chegue antes que a licenza de demolición que teñen dunha casa emblemática de Bueu.

Sr. Martín Villanueva: isto non deixa de ser unha figura de planeamento, non estamos falando da futura licenza para edificar. En todo caso isto serve para dar cumprimento á lei, podemos estar mais a gusto ou a desgusto pero non estamos para facer valoracións desde o punto de vista da Administración. Estivemos incluso nun contencioso coa promotora que gañou o concello, e nun futuro terá que presentar as licenzas e a ver como se posiciona Patrimonio cando teña que presentar o proxecto de demolición e de construción. O que é certo e que está catalogada no noso Plan e que polo menos deberían manter as fachadas. O mellor asusta a imaxe que se ve, porque o edificio ten dúas alineacións distintas pero non nos queda mais remedio que culminar o expediente co visto bo de Costas do Estado e de Patrimonio con informes favorables.

Sr. Alcalde: Por parte do concello se ten obriga de continuar unha tramitación que se impulsa por iniciativa privada moi o noso pesar. Fomos os primeiros sorprendidos logo da documentación recibida que avalaba o plantexamento do estudo de detalle. Conseguiu as pertinentes autorizacións, o certo é que a entrada en vigor do PXOM está ahí e veremos que sucede nese momento xa que o PXOM no momento en que entra deroga todo o que vai en contra das propias determinacións do PXOM e veremos se finalmente este estudo de detalle finalmente dará amparo a un proxecto arquitectónico que en principio está catalogada no PXOM.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a amanalzada, a aprobación da proposta do concelleiro delegado de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á aprobación definitiva do ESTUDO DE DETALLE SOBRE SINALACIÓN DE ALINEACIÓNS E ORDEACIÓN DE VOLUMENES NA R. PESCADORA NÚM. 3, 5 E 7 NO CASCO URBANO DE BUEU PRESENTADO POR DIMARCO GALICIA SL (EXPEDIENTE 1171/2016).

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos a favor (10 votos a favor que corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 05 abstencións das que 03 corresponden aos concelleiros do GPM PP, 01 ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE e 01 ao concelleiro do GPM de SON), **acorda:**

ÚNICO: Aprobar definitivamente o "Estudo de Detalle sobre Sinalamento de Aliñacións e Ordenación de Volumes na Rúa Pescadoira nº 3,5 e 7 dentro do Casco Urbano de Bueu" redactado polo arquitecto Colexiado D. José Antonio Comesaña García e presentado por "DIMARCO GALICIA SL", de acordo coas determinacións contidas nos informes emitidos polas administracións sectoriais competentes e polo arquitecto municipal, e conforme ao Documento refundido presentado con cada 07.04.2017 e nº rexistro 2459 visado con data 06.04.2017, en formato papel, (Cod. Validación: 5XL4374RAD6TSDP7CE9CG6GRC) e que se corresponde co documento presentado telemáticamente con data 07.04.2017 e nº rexistro 2017-E-RE-64 visado o 06.04.2017, (Cod. Validación: 59CFGYNMM73KQWJPCJYWJ95QL).

PUBLICACIÓN:

O Estudo de Detalle deberá ser obxecto de publicación de conformidade co establecido nos apartados segundo e terceiro do Art.82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA:

Unha vez publicado o Estudo de Detalle no DOGA deberá remitirse a consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no citado rexistro, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, dos instrumentos de planeamento urbanístico cuxa aprobación



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)
20

definitiva correspóndalles (Art. 88.3 da Lei 2/2016)

RECURSOS:

Por imperativo do disposto no Art. 84 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e no Art.112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe interpoñer recurso administrativo contra o Acordo de aprobación do Estudo de Detalle por ter natureza de disposición administrativa de carácter xeral; únicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (Art.10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

1. DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA

Declaración de toma de razón

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos reparos de legalidade formulados dende a derradeira sesión ordinaria (núms. 450, 500 e 501/17)

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados dende a derradeira sesión ordinaria, núms. 450, 500 e 501/17)

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO.

Declaración de toma de razón

Polo Sr. Alcalde dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende a derradeira sesión ordinaria do Pleno, números 414 a 502/17. Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía ditadas dende a derradeira sesión ordinaria do pleno (dende a 414 de 26/04/17 a 502/17 de 30/05/17)

C) ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Santos Pires formula as seguintes preguntas verbais :

- 1.- ¿ En qué situación está o expediente da instalación de lombos por parte de Portos?
- 2.- ¿ En qué situación se atopa o remate da obra da Deputación no frente da Capela dos Santos



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

21

Reis? Quedara pendiente de que lle remitirades un oficio á Deputación.

3.- En que momento do expediente estamos da solicitude á Deputación e ao propio concello da instalación dos guardarraís que falamos no pleno anterior.

4.- En que situación se atopa o traslado que lle iades a dar ao animador sociocultural en relación ao que eu manifestara no pleno anterior das deficiencias do uso da escola de Torrecino.

5.- En que situación se atopa o acordo plenario de unificación de servizos en este caso de telefonía

6.- En que situación se atopa o acordo plenario do reglamento de participación veciñal

7.- En principio manifestar como un rogo que cando se envíen a empresas privadas a facer a limpeza de beirarrúas co tractor que traten de deixar un pouco limpo e recollan parte da maleza que deixan atrás porque na zona de Cela é destrastroso

8.- ¿ Cantas policía mulleres ten pensado contratar o concello?

9.- Se tan bó era o sistema de gravación que se nos vendeu anterior a este que custou os seus cartos que me ten que pensar que este sea mellor que o anterior cando preguntei en anteriores plenarios se era o máis conveniente..

10.- En relación ao convenio coa oficina de xestión tributaria en relación coas multas de tráfico quería saber si nese convenio temos nós que pagar os boletíns de denuncia ou os paga a empresa e en principio nada máis.

Sr. Alcalde: Intentarei respostar a todas elas.

- Lombos de montero Ríos. Por parte do concello se tomou boa conta porque tampouco estabamos conformes de como se executou a actuación por parte de Portos de Galicia. Se emitiu o correspondente informe por parte do arquitecto técnico de que non cumpre coa normativa do ministerio que rexe para todos os organismos a Portos de Galicia. Falouse co Presidente de Portos de Galicia e días mais tarde co Enxeñeiro da Zona sur e confiase que tome algunha medida para revisar e adaptalos a normativa.

Sr. Santos Pires: ¿A Alcaldía tivo coñecemento do Plano coas definicións que lle mandou portos o concello?

Sr. Alcalde: Non me consta.

Sr. Santos Pires: Míreo no rexistro do Concello porque determinaba onde ían colocados e as características que tiñan e non se protestou nese momento.

Sr. Alcalde: Cónstame unha chamada que di que a diferenza do que se pedía que eran 6 pasos de peatóns elevados e 5 reductores de velocidade por unha cuestión económica non se poden facer os pasos de peatóns elevados ianse converter en reductores de velocidade. Comprobarase se tamén consta un escrito e de existir supoño que estaremos de acordo que están mal.

Sr. Santos Pires: O matiz e que de existir deulle o visto bueno non presentando alegacións anteriormente. Presentáronllo o non se opuso.

Sr. Alcalde: ¿entonces a culpa é do Concello de Bueu?

Sr. Santos Pires: Concretaría na figura da alcaldía.

Sr. Alcalde: En relación coas dúas cuestións dos viais da Deputación non sei se o Concelleiro/Deputado aproveitando que tamén esta aquí na sesión e quere dar algunha explicación.

Sr. Santos Pires: Prefiro que me conteste o alcalde.

Sr. Alcalde: Contestará quen considere oportuno o equipo de goberno.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

22

Sr. Leal: En relación con este tema está falado co director de Infraestruturas e están pendentes de realizar algúns pedidos para poder traelos ou se realizará algún pedido. Mañan volverase a insistir porque hai un Director de Infraestruturas que leva o mantemento dos viais Provinciais. Os gardarraís é o tema de rematar o asfaltado e xa se falou co Deputado e voltarase a insistir.

Sr. Santos Pires: E que hai tres postes de cemento por fora dos gardarraís e que antes tiñan sinalización vermella e agora non teñen sinalización o que é bastante perigoso.

Sr. Leal : Mañá a primeira hora xa llo comunico como dixen antes.

Sr. Alcalde: En canto ao traslado ao animador socio-cultural non nos consta deficiencia, se alguén ten motivos para queixarse que se poña en contacto coa alcaldía ou coa consellería correspondente, e que presente un escrito coas queixas.

En canto ao Tema de telefonía, cédolle a palabra o concelleiro de tecnoloxías.

Sr. Leal: O tema de telefonía está pendente dun Acordo Marco da Deputación para todos os concellos e as últimas noticias é que están tendo complicacións para desenvolver este acordo e desde aquí non se iniciou ningún procedemento para aproveitar unha mellor solución, que é o acordo marco.

Sr. Alcalde: en canto ao regulamento de participación veciñal, de momento esta parado, agardemos polo novo secretario para ver si el é capaz de tramitar dunha maneira mais sinxela e somos capaces de quitar para diante algúns dos asuntos que levan tempo agardando, este e outros tantos que ten o goberno municipal.

Sr. Alcalde: En canto aos traballos de desbroce: Unhas intervencións digamos parciais en determinados espazos, viais públicos en algúns xa foi posible ademais de ir con tractor desbrozador, pasar con persoal e con máquinas manual en outros todavía no que e o que está dicindo o concelleiro, polo tanto esperemos que desde fai uns días, a semana pasada en concreto que se incorporou xa non a totalidade da xente que vai reforzar os servizos na temporada de verán, mañan se incorporan máis persoas, pero si que nos próximos días tanto esas zonas que quedaron sen rematar os traballos como poidamos avanzar xa tamén a limpeza do resto.

Sr. Santos Pires: A miña intención é que intentedes coordinar a limpeza co desbroce.

Sr. Alcalde: En ocasión é difícil. Está claro que o intentaremos.

Sr. Fidel Castro: dentro de dos semanas vamos a coordinar e volverá a pasar outra vez.

Sr. Alcade: En canto ao tema das mulleres na Policía Local non estou seguro pero penso que no grupo de Auxiliares de Policía Local incorporaranse unha ou dúas mulleres.

Sr. Santos Pires: Chamoume a atención que sólo comprades un chaleco antibalas de muller.

Sr. Alcalde: O mellor non están sempre no mesmo turno.

Sr. Santos Pires: E que ademais sexan da mesma talla, porque non son de tallaxe único.

Sr. Alcalde: A min o que me sorprende e que vostede teña mais información e mellor información da Policía Local.

Sr. Santos Pires: É das facturas que teñen nos reparos.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

23

Sr. Alcalde: Digo que o propio alcalde, me sorprende a medias.

Sr. Santos Pires: Son 600€ dos reparos.

Sr. Alcalde: Felicítoo porque ten vostede mais información que o propio alcalde. En relación o novo sistema de gravación a Concelleira lle vai dar unha resposta.

Sra. Silvia Carballo: O que se fixo foi unha renovación da microfonía o ano pasado comprouse o sistema de gravación que era un sistema operativo e os micrófonos tiñan mais de 10 anos e o que se estropeou foi o sistema de microfonía que non ten nada que ver co sistema de gravación que se adquiriu o ano pasado. O sistema de gravación funciona correctamente.

Sr. Alcalde: Se me permite o Señor Pires de vez en cando estaría ben que antes de realizar determinadas afirmacións xa que estamos no turno de rogos e preguntas antes de extraer conclusións que se pregunte antes.

Sr. Santos Pires: Xa lle dixen nalgunha ocasión que non me ten que dicir o que lle teño que preguntar a nadie.

Sr. Alcalde: En canto á pregunta sobre o convenio da xestión de multas de tráfico, non existe ningún convenio da xestión de multas de tráfico.

Sr. Santos Pires: As PDAS que tiña que poñer a empresa de Xestión Tributaria.

Sr. Alcalde: vostede se refire o Contrato de Xestión Tributaria que un dos servizos que figura nese contrato a prestar pola empresa contratista é a xestión de multas e neste caso as PDAS que figuran nese contrato. Todo o que se refire a papelería necesaria iso lle corresponde lóxicamente ao Concello, que fixo a pertinente proposta de gasto e adquiriu o material necesario que xa esta en disposición como vostede sabe dos Axentes da Policía Local.

Sr. Santos Pires: 1271,95€.

Sr. Alcalde: Moi ben, non sei se con isto respostamos as súas preguntas.

Sr. Santos Pires: Sí

Sr. Alcalde: Moitas grazas.

Sra. Mercedes del Pilar Otero: Quería saber cando se van a sacar os Postos da Praza de Abastos a subasta porque o outro día tivemos unha visita do Conselleiro e comentaron que había uns postos libres e que había xente esperando por eses postos. Tamén quería saber se o concello tiña constancia de que os pianos da aula de música que segundo me referiron estaban estropeados polo que quería saber si xe fixo algo ó respecto por subsanar este feito.

Sra. Mercedes del Pilar Otero: Hai unha factura de dous pianos e se o concello solo ten un piano ¿por que hai unha factura con dous pianos?

Sr. Alcalde: Non temos coñecemento de que estean estropeados os pianos de titularidade municipal da Escola de Música. En todo caso preguntaremos.

Sr. Alcalde: En relación coa pregunta dos Postos da Praza de Abastos despois de meses confiaremos que nos próximos días, debería ser esta semana ou en todo caso a próxima pero creo que estamos nos últimos días teremos as bases que van a permitir neste caso sacar a subasta eses



postos que están vacantes na actualidade. Que posiblemente non son todos os que están desocupados porque en algúns aínda hai que tramitar o cambio de titularidade, algunha baixa que non formarán parte deste primeiro lote que solo imos a incorporar os que estar realmente vacantes e posiblemente haberá unha segunda tanda no momento en que se regularicen as situacións as que me estou referindo e esperemos que nos próximos días poidamos aprobar definitivamente esas bases.

É un dos temas que estamos revisando de forma pormenorizada, se non recordo mal eran 20 anos dende o ano 2002-2003 cando se outorgaron co cambio e debemos andar eu creo nos próximos anos 2022-2023, pero creo que non rematan exactamente todos ao mesmo tempo inclusive nestes momentos hai autorizacións provisionais que se deron fai dous ou tres anos aproximadamente, e polo tanto a idea era que estes tamén se outorguen de forma provisional ou temporal e que poidamos sacar cando rematen a totalidade das concesións de novo a licitación, a subasta de todos e cada un dos postos e bancadas.

Sr. Santos Pires: Eu pediríalle que nos dera acceso a negociar esas bases que se van a quitar a concurso.

Sr. Alcalde: Esas bases serán públicas. Case lle pediría tamén un favor que se acerque a xunto Tensi ou ao departamento de Urbanismo onde a Xefa de negociado está traballando nas bases para que poidamos facilitar antes da súa aprobación copia das bases.

O Sr. Vilas formula as seguintes preguntas de xeito verbal:

1.- Con respecto a colocación das luminarias que esta levando a cabo o concello na general co Plan Concellos, as está a colocar unha empresa e quería saber como se fai ese tipo de contrato, se se piden varios presupostos, se se fai algún tipo de contrato ou estimación antes.

Quería saber si é posible que esa empresa use un coche municipal, se está cuberto co seguro a responsabilidade civil en caso de pase calquera cousa.

2.- Despois lin, e xa o preguntaron no pleno pasado a sinalización dos sendeiros de Cabo Udra que as arranca a xente, tiveron ocasión no seu momento de mirar o proxecto que se presentou cunha axuda da deputación creo recordar. Nese proxecto viña subministro de sinais pero non a súa colocación non sei quen as colocou se foi o propio concello ou foi unha empresa de fora, porque eu non mirei a nadie, cando as mirei xa estaban colocadas.

3.- Polo Plan da Deputación se van a contratar a catro persoas para o Concello, e quería saber para que departamentos van a ser destinadas.

4.- En Xullo de 2016 pedín unha copia das facturas dos asesores xurídicos do concello e non se me respondeu.

5.- Solicitei un informe sobre o Centro Social ao concelleiro de Urbanismo e non se me dou contestación.

6.- Pedín copia dos ingresos mediante subvencións públicas ou privadas en relación coa Festa do Millo Corvo e non se me foi contestado.

7.- Solicitei o expediente do reparto das Subvencións de Cultura e non se me foi contestado.

8.- Non me chegan as copias das Comisións de Goberno, non sei se as hai ou non.

9.- O Sr. Alcalde no último pleno quedou de enviarme o expediente dos lombos de Montero Ríos dos que se falou antes e non me enviou nada, pero pedínos expresamente pola Sede Electrónica e non



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

25

se me contestou nada. Creo que isto non é trato para nada decente, polo menos comigo, era unha queixa nada máis, e non vale de nada, vou ter que vir aquí e traer un martillón e romper todo porque outra forma non hai.

Sr. Alcalde: En canto á pregunta das luminarias: As dificultades pola baixa temporal, incapacidade temporal de varias persoas de diferentes servizos entre eles o servizo de electricidade do Concello, e loxicamente estamos recurrido a través de contratos menores a diferentes empresas, neste caso é unha empresa de Bueu á que se esta recurrido. As condicións que se pediron no seu momento nos parecen boas condicións, e polo tanto é o motivo polo que se conta con esa empresa que ademais esta colaborando no tema da reposición.

Afortunadamente dende a semana pasada, o día un me parece empezou un peón electricista, vamos a empezar asumindo nos de novo boa parte deses traballos que nestes momentos estamos contratando.

Sr. Alcalde: Con respecto a autorización do vehículo, houbo unha autorización anterior e similar para aforrar custes para o Concello cando se pintaron os báculos da Avd. De Marín e Pazos Fontenla, e dende o punto de vista legal non houbo ningún problema, co seguro tampouco e entendemos que nestes momentos o Concello aporta unha parte dos medios como pode ser o vehículo e a man de obra a aporta unha empresa que se lle contrata. Loxicamente temos 200 luminarias canto mais pronto as instalemos moito mellor, porque vai a supoñer unha mellora no servizo, e por outro lado un aforro económico para o concello.

Sr. Alcalde: En canto ao seguro, considero que está cuberto calquera persoa que teña unha relación contractual co Concello, ven sexa laboral ou de servizos. En canto á pregunta da sinalización de Cabo Udra cédolle a palabra á Sra. Concelleira.

Sr. Vilas: Mirei o proxecto daquela fai uns meses e se presupuestaba a subministración desas sinais pero non a súa colocación e quero saber como se fixo.

Sra. Silvia Carballo: Era un convenio que se firmou coa Deputación, un dos Convenios Especiais que tiñan para os Concellos con Sendeiros Azuis e a colocación a fixo a empresa, se pedira no seu momento porque iamos cos prazos moi xustos e pediramos oferta a tres empresas que se dedicaban un pouquiño a iso, e a colocación.

Sr. Vilas: Eran de Bueu, e que non colocaron hormigón. Non sei o que cobraron.

Sra. Silvia Carballo: O que cobraron está no contrato.

Sr. Alcalde: En Red Natura non esta ben que boten hormigón.

Sr. Vilas: Porque sinais cravadas a martillón, xa me dirás ti. Pódese colocar unha sinal de ferro e non se pode colocar hormigón soterrado. Eu tentei unha delas e si quixera levantábaa

Sra. Silvia Carballo: Iso xa vai no civismo da xente.

Sr. Vilas: Hai que colocar as cousas como son entendo eu.

Sra. Silvia Carballo: As sinais as colocou a empresa subministradora, estou intentando buscar o convenio que teño por aquí, pero bueno o prezo aparece no convenio, e se quere pode pasar calquera día.

Sr. Alcalde: Non houbo ningún custe adicional.

Sr. Vilas: En relación ó punto das luminarias, ¿a colocación é a parte da subvención non?



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/6-(SESIÓN ORDINARIA MES XUÑO 2017)

26

Sr. Alcalde: A subvención é para subministro, neste caso subminístranse e si chas colocan estupendo.

Sra. Silvia Carballo: Que foi o que pasou no tema da Sinalización e esta empresa tamén están acostumbrados a sinalización en espazos deste tipo non se pode facer doutro xeito. Que despois a xente teña falta de civismo, e nos arranque as sinais, como comprenderán iso non é culpa nin do Concello nin do Alcalde .

Sr. Vilas: Eu non lle voto a culpa a nadie.

Sra. Silvia Carballo: E bastante disgusto levamos nos no momento en que miramos iso.

Sr. Alcalde: En canto ao persoal da Deputación, hai catro auxiliares administrativos e en principio van a comezar mañá. Mañá veremos qué persoa vai para cada departamento, pero en principio os departamentos son Secretaría, Urbanismo, Cultura e OMIC, Intervención e Persoal. Veremos o perfil mañá de cada auxiliar e veremos a que departamento se lle asigna. ¿Algún rogo ou pregunta máis?.

Sr. Vilas: Porque non se me contesta as peticións que fago pola sede electrónica.

Sr. Alcalde: Eu algunha delas, posiblemente a última que fai referencia, puido ser un despiste meu porque a parte o plano creo que puido acceder sen ningún problema, o dos Lombos.

Sr. Vilas: Non, non mirei nada.

Sr. Alcalde: Non me di que o solicitou pola sede.

Sr. Vilas: Pero non se me contestou.

Sr. Alcalde: Mañá mesmo se quere teno.

Sr. Vilas: E todo isto que teño apuntado non solo o dos Lombos.

Sr. Alcalde: Algunha cuestión que recordo como a documentación que pedía pola subvencións do Millo Corvo, ahí depende que o animador sociocultural teña tempo para ordenar todo e enviarllo. Me consta ademais porque o ten anotado, seguramente vostede o saiba. Senón vai por alí e lle pregunta, e por parte do Alcalde en ningún momento se lle deu ningunha información para que non se lle facilite, todo o contrario. Agora ben, o que falamos sempre ten loxicamente un traballo moi intenso tamén con moitos asuntos, supoño que será ese realmente o problema, de todas formas pode ir a falar con él, preguntarlle e realmente incluso se por parte da alcaldía ou dalgún membro do equipo de goberno lle deron algún tipo de indicación en sentido contrario, en absoluto, nin o animador sociocultural a nin ningún departamento, intervención se pediu calquera outra documentación, que haberá que ver por qué non se tramitou, sería por falta de tempo, creo que foi cando estaba soamente unha persoa no departamento de intervención, agora temos Xefa de Negociado, haberá que ver como quedou ese asunto e senón se lle enviou esa documentación se lle enviará.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 22:45 horas do expresado día, de tódolo que, en canto Secretaria Accidental da Corporación, dou fe.

(documento asinado electronicamente ao marxe)